

# O feito diferencial galego como máximo expoñente da literatura rexional. *A Biblioteca de Escritores Gallegos*

*Galician differential fact as a leading exponent of the regional literature.* Galician Writers Library

**Carlos GEGÚNDEZ LÓPEZ**

Universidade da Coruña

gegun@hotmail.com

[Recibido, novembro 2009; aceptado, xaneiro 2010]

## RESUMO

O obxectivo deste traballo é revisar o labor cultural desenvolvido a través da Biblioteca de Escritores Galegos no centenario da súa fundación. Os fundadores desta colección procuraban a promoción e difusión da denominada *literatura rexional* galega desde Madrid.

**PALABRAS CHAVE:** Canitrot, Olmet, literatura rexional, Galicia, Madrid.

GEGÚNDEZ LÓPEZ, C. (2010): “O feito diferencial galego como máximo expoñente da literatura rexional. *A Biblioteca de Escritores Gallegos*”, *Madrygal* (Madr.), 13: 63-71.

## RESUMEN

El objetivo de este trabajo es revisar la labor cultural desarrollada a través de la Biblioteca de Escritores Galegos en el centenario de su fundación. Los fundadores de esta colección buscaban la promoción y difusión de la denominada literatura regional gallega desde Madrid.

**PALABRAS CLAVE:** Canitrot, Olmet, literatura regional, Galicia, Madrid.

GEGÚNDEZ LÓPEZ, C. (2010): “El factor diferencial gallego como máximo exponente de la literatura regional. La *Biblioteca de Escritores Gallegos*”, *Madrygal* (Madr.), 13: 63-71.

## ABSTRACT

This article reviews the cultural work developed by the *Galician Writers Library* on the centenary of its foundation. The founders of this collection were looking for the promotion and diffusion of the so called Galician regional literature from Madrid.

**KEY WORDS:** Canitrot, Olmet, regional literature, Galicia, Madrid.

GEGÚNDEZ LÓPEZ, C. (2010): “Galician differential fact as a leading exponent of the regional literature. *Galician Writers Library*”, *Madrygal* (Madr.), 13: 63-71.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Os fundadores. 3. O concepto de literatura rexional. 4. A colección (1910-1913) 4.1. Etapa inicial. 4.2. O certame literario. 4.3. Etapa final. 4.4. Cadro-resumo. 5. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCIÓN

Moitos autores teñen reparado na efervescencia da colonia galega madrileña a comezos do século pasado. José Antonio Durán ten sinalado o primeiro cuarto do século XX como unha etapa dourada na que moitos galegos contaban cunha presenza importante na vida social e política de Madrid.

En 1907 -entraba don Antonio Maura a su “mando largo” un semanario republicano pontevedrés hace recuento de los conciudadanos que brillan con luz propia en la capital, sin deber nada a la carta de presentación de los caciques locales: dos profesores (Victor Said Armestoy Pepe Juncal); tres hombres que viven de la política (Emiliano Iglesias y Portela Valladares, diputados; Prudencio Rovira, secretario particular del propio Maura); un músico (Carlos Sobrino), un concertista extraordinario (Manolo Quiroga), cuatro periodistas-escritores que apuntan talento, independencia y capacidad de sacrificio, (Julio y Francisco Camba, Prudencio Canitrot y Javierito Valcárcel). En realidad buena parte de los nombrados hacen, junto á su actividad principal abundante periodismo. Es que la prensa, obedeciendo a sus peculiares intereses, y por lo mismo estaba controlada en gran medida por gentes vinculadas al estado de cosas de Galicia (Durán 1977: 197).

Moitos destes intelectuais non perderon de vista en ningún momento a súa orixe e sempre procuraban traballar áinda que fose desde a distancia polo progreso e o desenvolvemento de Galicia ora dende un escano nas Cortes ora dende a arte ou a literatura.

Unha iniciativa editorial importante xurdiu en 1910 e procuraba a promoción e difusión da denominada literatura *rexional*<sup>1</sup>. Foi desenvolvida por Prudencio Canitrot e Luis Antón del Olmet e ache gou catorce volumes até que cesou en 1913, alternou obras de autores consagrados e noveis.

LA BIBLIOTECA DE ESCRITORES GALLEGOS procura ensalzar a la novela y el cuento regional publicando, no sólo las obras de los literatos ya hechos sino también los de aquellos que forman parte de la juventud que comienza bajo los auspicios del

triunfo. No tendrá tampoco ningún carácter exclusivo, alternando á la vez en ella, el pensador, el sociólogo y el historiador, siempre y cuando el carácter eminentemente gallego del asunto sea digno de figurar en el catálogo de esta BIBLIOTECA (Álvarez Insúa 1910: 159).

Un proxecto que contou cunha excelente acomodada, cun notable éxito inicialmente e que entusiasmou aos fundadores (cf. Álvarez: 159). Ademais foi moi ben recibido desde Galicia: “Los escritores gallegos residentes en Madrid, al fundar esta Biblioteca demuestran querer a su tierra de manera elocuentísima” (*Vida Gallega*, núm 16, Vigo, marzo, 1910). Neste ano cumprese o centenario da súa fundación e resulta un bo momento para revisar o labor desenvolvido a través da *Biblioteca de Escritores Gallegos*.

## 2. OS FUNDADORES

Prudencio Canitrot e Luis Antón del Olmet foron os fundadores da colección. Coñecéronse en Madrid na primeira década do século XX, frecuentaban os ambientes bohemios e os faladoiros literarios da época. Os dous comprometeronse co movemento agrarista e uns meses antes de pór en marcha a *Biblioteca de Escritores Gallegos* participaron no grupo fundacional da organización agrarista *Accion Gallega*<sup>2</sup>, que se reunía na *Cervexería Excelsior*, situada na praza de Santa Ana de Madrid (cf. Rodríguez González), ademais acompañaron aos candidatos da organización política na campaña electoral as eleccións a Cortes de 1910.

Prudencio Canitrot Mariño naceu en Pontevedra en 1883, cidade na que se criou e residiu até os dezaoito anos. Era fillo de Carmen Mariño Villanueva e Prudencio Canitrot Argibay, un dentista que formou parte da corporación municipal na cidade de Lérez.

Comezou adicándose á pintura aos dezaseis anos e cando abandonou a súa cidade natal pasou dous anos viaxando por Portugal, Asturias, Barcelona e Francia até que chegou a Madrid a finais de 1903. Resultou premiado nunha exposición celebrada en Bélgica. A partir de 1906 tomou interese

<sup>1</sup> Mais adiante afondaremos no concepto de literatura *rexional*, que abarca tanto aos textos en galego como os escritos en castelán. A presenza do galego na colección é case que marxinal, cínguese a algunas composicións poéticas intercaladas entre as narracións en castelán.

<sup>2</sup> O líder desta organización política foi Basilio Álvarez. Naceu en 1910 e procuraba poñerse á fronte do movemento agrarista, pero nunca contou co respaldo electoral anceiado polo seu líder nas diferentes ocasións que se presentou candidatura ás eleccións a Cortes.



Prudencio Canitrot e Luis Antón del Olmet caricaturizados por Castelao.

polo xornalismo converténdose en redactor da revista *Galicia* que editaba o Centro Galego de Madrid e a a publicación do mesmo nome, editada polo Centro Galego de La Habana.

O recoñecemento acadado en dous certames literarios animaron ao humanista galego a facer carreira no mundo das letras. Publicou contos nos suplementos literarios madrileños *Los Lunes de El Imparcial* e *Blanco y Negro* até que saíu o seu primeiro libro *Cuentos de Abades y de Aldea* (1909), con posterioridade editaría outra compilación de narracións breves, *Suevia* (1911).

Ademais publicou un libro de viaxes, *Rías de Ensueño* (1910) e as novelas *El camino de Santiago* (1909), *El señorito rural* (1910), *Tragedia ridícula* (1910) e *La última pируeta* (1913). No libro póstumo de homenaxe, *La luz apagada* (1914) compiláronse outros textos da súa autoría.

Nos seus últimos anos de vida recobrou o interese pola pintura e foi un dos organizadores da *Exposición Regional de Pintura Gallega*, que se celebrou en 1912 no Centro Galego de Madrid, cidade na que falecería vítima da tuberculose en xaneiro de 1913<sup>3</sup>.

Luis Antón del Olmet naceu en Bilbao en 1886 e comezou a colaborar no xornal madrileño *La Época* con só quince anos. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Madrid e con vinte anos conseguiu unha praza na Delegación de Facenda da Coruña. Regresaría a Madrid arredor de 1908, cidade na que coñeceu a Prudencio Canitrot e co que mantivo gran amizade. Adicouse ao xornalismo colaborando en publicacións galegas e madrileñas<sup>4</sup>.

Publicou varias novelas: *El libro de la vida bohemia* (1909). *El encanto de sus manos*, *El veneno de la víbora*, *La risa del fauno*, *La postrera salida de Don Quijote* e *Hieles*, todas no ano 1910. *Baho de madre*, *La viudita soltera*, *Un sol bárbaro muere*, *La canción del juglar* e *Como la luna blanca* en 1911, *Lo que piensa el vecino* (1913) e *Aquelarre* (1915).

En 1914 acada un escano no Congreso por Almería ao tempo que se vai achegando a posturas más conservadoras. Publica unha serie de obras baixo o epígrafe *Los grandes españoles*: Maura, Echegaray, Alfonso XIII, Galdós, Palacio Valdés<sup>5</sup>...

<sup>3</sup> Sobre a figura de Prudencio Canitrot cf. Gegúndez López, C. "Prudencio Canitrot. Un humanista galego no tránsito de século. Imañería literaria e imaxinería política". Traballo de investigación tutelado defendido na Facultade de Humanidades da USC en xullo de 2009, que se publicará proximamente.

<sup>4</sup> É moi frecuente atopar textos de Luis Antón del Olmet en publicacións galegas, mesmo nas que editaban na diáspora.

<sup>5</sup> Sobre a vida e obra deste intelectual cf. "Luis Antón del Olmet" in *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela, Tomo 23, 118-119.

Fundou o xornal *El Parlamentario* en 1916, no que atopamos as sinaturas de moitos galegos cos que mantiña amizade, Castelao, Basilio Álvarez ou Wenceslao Fernández Flórez. Non puido cumplir o desexo de acadar escano por un distrito galego, tentouno por Verín, sendo candidato de *Acción Gallega*, pero foi derrotado.

Nos últimos anos de vida tentou facer carreira como dramaturgo e publicou varias pezas: *El sembrador* (1916), *Mala Madre* (1922) e *¡Responsables!* (1923).

A súa excéntrica personalidade e a súa vida chea de turbulencias deparáronlle un triste final. Foi asasinado polo seu socio Alfonso Vidal y Planas en marzo de 1923 no Teatro Eslava de Madrid cando preparaba a estrea da súa obra *El capitán sin alma*<sup>6</sup>.

### 3. O CONCEPTO DE LITERATURA REXIONAL

A Biblioteca de Escritores Gallegos tiña un carácter pechado, pois só estaba aberta aos libros que encaixasen dentro dos parámetros da denominada literatura *rexional*.

Baixo este prisma inclúense tanto os textos escritos en galego coma en castelán, que posúan identidade galega. Prudencio Canitrot afecto ao rexionalismo político *murguiano* apela aos elementos diferenciais e singulares da raza galega como característica definidora da literatura *rexional* en contraposición con outras literaturas peninsulares. Arturo Casas ten analizado un dos textos más reveladores do intelectual pontevedrés<sup>7</sup>.

Mencióna e asume o carácter inxénito da peculiar dicción da poética galaica (o particular xenio da lingua, ese don), a gracia e blandura entoativas (que opón a monotonía e dureza do castelán), a combinatoria aberta de claves relixiosas e de crenzas pagás, a sobreabundancia satírica e retranqueira (aquilo que Vicente Risco designaba en 1917 como regocijo rabelesiano)... (Casas 2001: 110)

<sup>6</sup> A nova deste asasinato tivo gran repercusión na prensa da época. O xornal ABC conta cada detalle do acontecido, cunha reconstrucción completa dos feitos, mesmo trata de explicar o móvil que levou a Vidal Planas a cometer o delito (ABC, Madrid, 3-3-1923: 11). O asasino cumpriu tres dos doce anos de cárcere aos que foi condenado.

<sup>7</sup> No prólogo a *Ventureiras* (1909), poemario de versos galegos escrito por Ricardo Barros Pintos, Canitrot ten reflexionado sobre este particular. Defende con fervor a pureza e singularidade da literatura *rexional* galega e ataca aos supostos inimigos que non aprecian a singularidade destes textos.

<sup>8</sup> Vicente Casanova definiu o primeiro libro de Canitrot, *Cuentos de abades y de aldea* como unha obra de psicoloxía rexional e Basilio Álvarez destacou a pureza da súa escrita, outro dos trazos que caracteriza a literatura *rexional* e que oponía a musicalidade e do idioma galego fronte á monotonía e a dureza do castelán.

O propio Canitrot predicaba co exemplo, xa que a súa obra respecta os principios da concepción literaria rexionalista e así o apreciaron algúns críticos do momento<sup>8</sup>. Nas súas páxinas agroman a paisaxe, a arquitectura e as supersticións galegas. No estilo son frecuentes as estruturas gramaticais do idioma galego. El mesmo ten reflexionado sobre a súa escrita.

No han faltado insensatos amigos, que se acercaran á mí para decirme en tono paternal que escribir preferentemente, como yo lo hago, de la tierra nativa, puede á la corta ó á la larga perjudicarme. Según ellos, no debe limitarse el escritor á reflejar las vagas emociones de la primera edad, y que más tarde se recogen en toda su madurez. Es preciso ser vario, hablar de diversos países, cantar la llanura, la montaña, países de sol y tierras de bruma.

Yo no pienso de esta manera, y al hacerlo así no sigo escuela ni consejo alguno. Es algo íntimo que me obliga á poner los ojos en mi tierra, tras los ojos del pensamiento, y entrambas cosas los filos de la pluma. El cariño, el amor la idolatría por el suelo natal no me obligan, en verdad, á este preferimiento. La razón de ello estriba en dos cosas: en el carácter y el paisaje de Galicia (Canitrot 1910: 9-10).

O feito diferencial podería estar nese xene racial galego, pero alén desta concepción claramente romántica apreciamos outra vertente que ven anunciando Canitrot baseada no sentimento. Deste xeito explicamos a participación de Luis Antón del Olmet na *Biblioteca*, o único autor que publica sen ter nacido en Galicia.

Na segunda entrega da colección aparece *El encanto de sus manos*, esta novela axústase perfectamente a denominación da literatura *rexional*, pero no prólogo o autor semella querer xustificarse co lector:

Y ahora lector te debo una explicación que explique mi osadía de aparecer entre gallegos y confundiédo como uno de tantos, aunque ocupe mi nombre el más ínfimo lugar entre todos.

Estas palabras serán las que escriba mi pluma con más celeridad y las que dicte mi corazón con mayor arrebato. Porque con ellas haré la confesión más sincera, más grata y más honda de mi vida. Y esta confesión es que soy gallego, aunque naci en Bilbao; que soy gallego, aunque llevo un apellido rotundamente catalán; que soy gallego, aunque mis ojos vieron de niño la cinta panda y rieña del Guadaluquivir; que soy gallego, aunque mis mocedades tienen muy largos recuerdos de la calle de la Ruda, que en Madrid es feria de verduleras y comadres.

Se puede ser gallego por dos causas: por nacimiento fortuito ó por liberrima voluntad. Yo lo soy por la segunda causa, y dudo que exista un solo bellaco que pretenda negarse al ejercicio de mi libre albedrío y de mi libertad como ser pensante y, sobre todo, como ser de sentimientos y emociones. (Antón del Olmet: 15-16)

#### 4. A COLECCIÓN (1910-1913)

Podemos definir a colección como irregular a pesares de que os editores ambicionaban inicialmente que tivese periodicidade mensual. Como xa manifestamos na introdución esta iniciativa tiña fins culturais: promocionar e difundir a novela e o conto rexional e por iso se ofrecían os volumes a un prezo accesible para os lectores (cf. Antón del Olmet: 152).

A colección deu cabida a algúns autores xa consagrados e a outros noveis que procuraban atopar un oco no panorama literario do momento. Comezou en 1910 emerxendo con forza, posto que no primeiro ano apareceron a metade dos volumes que se editaron. No segundo ano saíran cinco novos tomos até interromperse en 1912. Luis Antón del Olmet retomaría o proxecto, logo do pasamento de Prudencio Canitrot, pero só conseguiría engadir outras dúas obras.

##### 4.1. ETAPA INICIAL

Canitrot e Olmet escollerón un autor destacado para o primeiro volume da *Biblioteca de Escritores Gallegos*, Ramón del Valle-Inclán<sup>9</sup> que publicaría

*Las mieles del rosal*. No prólogo, que non ven asinado os promotores da iniciativa reflexionan sobre as razóns desta escolla.

Y como Valle-Inclán es gallego, como gallegos son la mayoría de sus personajes, de sus narraciones, de sus complejidades, como ha descrito las legendarias tierras del Noroeste, y como se ha metido en el alma de aquellos soñadores labriegos y de aquellos bravíos hidalgos que viven en los Pazos y en las orillas de las rías; por todo esto debe figurar el gran pontevedrés á la cabeza de esta Biblioteca, para que sea su orgullo y para que al nacer, lo haga felizmente, bajo el grato augurio de la sonrisa fina y gentil de este escritor maravilloso (Valle 1910: 12-13).

*Las mieles del rosal* é unha antoloxía de textos en prosa, na que o autor arousán mesmo recrea algunha das súas narracións que foran publicadas con anterioridade.

Os editores sacaron cadanxeu libro. Luis Antón del Olmet publicou *El encanto de sus manos*<sup>10</sup> na segunda entrega da *Biblioteca* e Prudencio Canitrot *Ruinas* no cuarto volume<sup>11</sup>. Polo medio unha figura consagrada, Manuel Murguía asinaba a terceira obra que leva por título *Desde el cielo*. O limiar non ten sinatura, pero sabemos que foi obra de Canitrot que recibira anteriormente o respaldo do autor coruñés no seu primeiro libro<sup>12</sup>.

A él acudieron siempre los que como advenimiento de un nuevo renombre literario, presentábanse en busca de un consejo y de la merced de un prólogo. Y D. Manuel, siempre cariñoso con los que tal merecian, ó áspero y sincero con los que no eran acreedores á tal honra, fué presentando uno á uno y nunca equivocó sus pronósticos y juicios (Murguía 1910: 10).

O quinto volume foi para o coruñés Manuel Linares Rivas, outro autor ben coñecido por Canitrot e Olmet, quen sería o encargado de redactar o limiar de *Mientras suena la gaita*. A amizade que os unía era ben coñecida, así que Luis Antón xustifica a sinatura do prólogo do seguinte xeito: “Bajo su firma evitaremos el exceso de elogios que me dispararía cobijado bajo el anónimo cobarde” (Linares 1910: 10).

<sup>9</sup> Prudencio Canitrot admiraba a Valle-Inclán, que é ademais a principal influenza da súa obra literaria.

<sup>10</sup> O libro de Antón del Olmet inclúe ademais da novela que lle dá título un conto, unha crónica e varios fragmentos de xuízos críticos sobre a súa obra que foran aparecendo na prensa.

<sup>11</sup> Prudencio Canitrot inclúe neste volume a novela *Ruinas* e *El Camino de Santiago*, unha novela breve que aparecera publicada na prensa en 1909, concretamente no número 30 de *Los Contemporáneos*.

<sup>12</sup> Manuel Murguía escribiría o prólogo de *Cuentos de Abades y de Aldea*, primeiro libro de Prudencio Canitrot un ano antes.

O libro de Linares Rivas, que daquela xa comezaba a despuntar coma dramaturgo inclúe varias narracións e unha peza teatral. No libro apreciamos unha característica que se manifesta en moitos outros textos da súa autoría, o interese por temas xurídicos.

Daríalle continuidade á colección Alberto Insúa con *Los días mejores*. Unha compilación de crónicas e textos literarios cargados de morriña e nostalxia.

A última obra deste primeiro ano de existencia da biblioteca, séptima da colección foi asinada por Wenceslao Fernández Flórez co título *La tristeza de la paz*<sup>13</sup>. Esta novela vese complementada por outras narracións nas que o amor, a morte e os sucesos de misterio son os temas fundamentais.

A *Biblioteca de Escritores Gallegos* conseguiu engadir cinco títulos máis en 1911. O oitavo da colección levou a sinatura de Manuel María Puga<sup>14</sup> coa obra *Pote Aldeano*. Un libro de recomendacións gastronómicas e no que tamén se inclúen crónicas sobre romaría galegas.

Na novena entrega da colección Luis Rodríguez Santos publicou *Las dos primas*, título que inclúe outras dúas narracións: “Los harapos de lujo” e “La musa del cura”.

A única autora que conseguiu publicar na colección foi Sofía Casanova. *El pecado* é o título da décima entrega, un conxunto de narracións breves. Canitrot que asina novamente o limiar reflexiona sobre a obra literaria da autora<sup>15</sup>.

Alguien ha dicho que es romántica, cuando más tiene de vidente, pues de sus versos, tras la añoranza sentimental, brotan siempre chispazos de fé e ilusión que tienden un reguero confortador desde su alma sensible hasta los ajenos dolores. Y es que todo lo ve con piedad y alegría. Lo mismo ama el sol y ante su luz y su oro se siente regocijada, que se conforta bajo un cielo plúmbeo y ante el tedio agobiador de la nieve. Mujer más dócil, que dé más sanas ideas de optimismo, jamás he conocido (Casanova 1911: 10).

A principal novedade deste segundo ano será a convocatoria dun certame literario de novela.

#### 4.2. O CERTAME LITERARIO DA BIBLIOTECA

Os editores decidiron incentivar aos escritores galegos coa convocatoria dun certame literario a comezos de 1911. As bases do concurso de novela apareceron nunha nota ao final do séptimo volume, únicamente podían participar os nacidos en Galicia, o tema e o idioma dos textos tamén están claramente delimitados.

La BIBLIOTECA DE ESCRITORES GALLEGOS, que ha llegado felizmente al segundo año de su publicación después de un éxito colosal, en su deseo de estimular á los escritores regionales, inéditos y conocidos ofrece un premio de quinientas pesetas al autor de la novela que, á Juicio del Jurado, reúna mejores condiciones y se presente á este concurso, con arreglo á las siguientes bases.

- natural de Galicia.
- novela inédita y original entre 300 y 400 cuartillas.
- asunto de sabor gallego y debe estar escrita en castellano.
- 1.º de febrero y 12 de la noche del 31 de mayo próximo.
- Formarán el jurado tres prestigiosas e ilustres personalidades de la literatura gallega, cuyos nombres se darán á conocer al final del volumen IX, que actualmente está imprimiéndose.
- Puede recomendar el jurado aquellas novelas que no habiendo obtenido premio, mereciesen á juicio del Jurado tal distinción, no retribución. La novela se publicará en la BEG y se le entregarán 50 ejemplares (Puga 1911).

Concorreron ao concurso dezaseis traballos que deixaron satisfeito ao xurado: “Formando un concurso brillantísimo, que, aunque esperado, dada la celebridad que la *Biblioteca de escritores gallegos* ha adquirido no deja de ser muy halagadora” (Casanova 1911). Un xurado que desvelaría a identidade dos seus membros trala concesión dos premios:

No hemos querido dar hasta hoy los nombres de los señores que componen el Jurado que habrá de juzgar las obras enviadas á nuestro concurso, para

<sup>13</sup> Foi a primeira obra narrativa que publicou Wenceslao Fernández Flórez. Daquela o autor de *El bosque animado* era descoñecido no mundo das letras.

<sup>14</sup> Puga (Santiago de Compostela 1874- A Coruña 1918) tamén era coñecido co alcume de *Picadillo*. Foi un dos primeiros autores que escribiu sobre a cociña galega. As súas crónicas e escritos están cargados de humor. Estudou Dereito e exerceu como xuíz en Arteixo, ade más adicouse á política chegando a ser alcalde eventual na cidade herculina.

<sup>15</sup> Prudencio Canitrot considera ademais que *El pecado* é o primeiro libro da autora que responde ao paradigma da literatura *rexional*.

darle á éste más carácter de seriedad evitando en absoluto la llamada recomendación, tan enemiga muchas veces de la justicia.

Hoy cerrado el plazo de admisión para las obras concursantes y hecho el detenido examen de las referidas obras, damos á conocer á las personas, que en su deseo de acertar, y sobre todo, inspiradas en la equidad más estricta, han constituido el Jurado.

Son los siguientes nombrados escritores: D. Basilio Álvarez, D. Prudencio Canitrot y D. Luis Antón del Olmet (Casanova 1911).

Eduardo Dieste coa obra *Leyendas de la música* foi o gañador do certame. O segundo premio recaeu en *El santiño*, de Joaquín de Arévalo. Ademais recomendáronse outras dúas obras para publicar na colección coa autorización, *Alma gallega e Amores de Aldea*<sup>16</sup>.

O volume undécimo *Leyendas de la música* de Eduardo Dieste inclúe dúas novelas: *Margaritas de oro* e *La canción tonta*, no que se entrecruzan o amor a morte e a superstición.

No seguinte tomo apareceu o título *El santiño* de Arévalo, unha novela eclesiástica na que se narra a disciplinada e brillante traxectoria dun bispo superando diferentes tentacións, o autor ferrolán insire no texto varios poemas en galego.

#### 4.3. ETAPA FINAL

En 1912 non apareceu ningún volume e interrompeuse momentaneamente a colección, ainda que Canitrot xa non volvería participar. Luis Antón del Olmet retomaría o proxecto en solitario a comezos de 1913 tralo falecemento do seu socio, pero só conseguiría engadir dous títulos máis. *Suriña*, unha novela de Amor Meilán e o poemario *Trinos de Gorrión* de Manuel Soriano.

Antón del Olmet lembraría as dificultades que pasou co seu amigo Canitrot para sacar adiante a biblioteca sen obter ningún beneficio económico. Ademais, no texto que precede a xeito de prólogo á obra de Amor Meilán expresa a súa dor polo pasamento do autor pontevedrés:

Hemos empezado juntos esta obra. Nos ha valido muchos duelos y quebrantos, y no supo dejarnos hacienda. Aun así, teníamos fe, una gran fe lírica, en el arte y en el público. Luchamos con entusiasmos, sin decaer, en este montón de cuartillas gallegas, por el ideal y la región.

Hemos publicado libros de firmas ilustres. Hemos tenido el orgullo de insertar en esta Biblioteca libros de autores muy jóvenes, que ya van teniendo gloria. Hemos realizado algo, humilde como nuestro, en bien de la amada Galicia.

Después, la Biblioteca decayó, y casi renunciamos á proseguirla. Era un trabajo estéril, rudo, superior á nuestra voluntad, sin fin, sin carencias... Hoy, el editor me dice que siga dirigiendo la Biblioteca. Y al volver mis ojos hacia el amado compaño, veo con pena, con angustia, que ha desaparecido.

Ha muerto Canitrot, el prosista galano, el artista de temperamento insólito, aquel espíritu que ardía en la llama del ideal, y que fué grande por haberse hecho de la nada. Decir cuánto me ha dolido su muerte, sería pueril, vano. Cinco años de mi vida corren paralelos á otros cinco tuyos.

¡Esta Biblioteca! ¡La calle Ferraz, por donde íbamos á ver á D. Gabino Páez! ¡La mala noticia de todas las veces! ¡Nuestro eterno comentario lleno de regocijo y de alegría! ¡Juventud! ¡Ilusiones! ¿Cómo no sentir húmedos los ojos? (Olmet 1913: 7-8).

Como curiosidade cómpre salientar o salto na numeración que introduce o editor para evitar o decimo terceiro volume. A novela de Amor Meilán preséntase como duodécimo título da colección, a pesares de que nas últimas páxinas deste libro aparece o listado das doce obras publicadas con anterioridade. O seguinte volume preséntase correctamente como decimo cuarto e corresponde ao poemario *Trinos de Gorrión* asinado por Manuel Soriano, derradeira entrega da *Biblioteca de Escritores Gallegos*. Ao final do libro de Soriano anúnciase a aparición dunha obra de Barcia Caballero, que xa non chegaría a saír posto que e a biblioteca cesaría definitivamente.

<sup>16</sup> As dúas obras premiadas no certame aparecerían nos volumes XI e XII da Biblioteca de Escritores Galegos, pero as recomendadas non se publicaron. Cabe a posibilidade de que os autores non autorizasen a súa edición, ainda que probablemente non saíron porque a colección se interrompeu durante máis dun ano trala publicación do duodécimo tomo.

#### 4.4. CADRO RESUMO

Vol.	Título	Autor	Editorial	Ano	Estrutura
I	Las Mieles del Rosal	Ramón del Valle Inclán	Imprenta de Antonio Marzo	1910	Antoloxía de textos en prosa.
II	El encanto de sus manos	Luis Antón del Olmet	Imprenta de Antonio Marzo	1910	Unha novela, un conto, varias crónicas e xuízos críticos.
III	Desde el cielo	Manuel Murguía	Librería de los Sucesores de Hernando	1910	Unha novela, un artigo e prosa rimada.
IV	Ruinas	Prudencio Canitrot	Imprenta Artística Española	1910	Dúas novelas.
V	Mientras suena a gaita	Manuel Linares Rivas	Imprenta Artística Española	1910	Tres novelas breves e unha peza teatral.
VI	Los días mejores	Alberto Insúa	Imprenta Artística Española	1910	Varias crónicas, dúas novelas breves e un fragmento.
VII	La tristeza de la paz	Wenceslao Fernández Flórez	Imprenta Artística Española	1910	Dúas novela breves e catro contos.
VIII	Pote aldeano	Manuel María Puga	Imprenta Artística Española	1911	Artigos e recomendacións culinarias.
IX	Las dos primas	Luis Rodríguez Santos	Librería de los Sucesores de Hernando	1911	Varias novelas breves.
X.	El Pecado	Sofía Casanova	Imprenta de Alrededor del Mundo	1911	Novelas e outras narracións breves.
XI	Leyendas de la música	Eduardo Dieste	Imprenta de Alrededor del Mundo	1911	Dúas novelas.
XII	El Santiño	Joaquín de Arévalo	Imprenta de Alrededor del Mundo	1911 <sup>19</sup>	Novela.
XII <sup>18</sup>	Suriña	Manuel Amor Meilán	Imprenta de Juan Pueyo	1913	Dúas novelas.
XIV	Trinos de gorrión	Manuel Soriano	Imprenta editorial de González y Giménez	1913	Poemario.

<sup>17</sup> A obra está datada en 1911, pero nunha das últimas páxinas do libro aparece unha nota que facilita a data final de impresión da edición, o 8 de xaneiro de 1912.

<sup>18</sup> Luis Antón del Olmet repite a numeración no decimo terceiro volume. Así que o tomo que o libro de Amor Meilán en realidade é o decimo terceiro volume da *Biblioteca*.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ INSÚA, A. (1910): *Los días mejores*, Madrid: Imprenta Artística Española.
- ANTÓN DEL OLMET, Luis (1910): *El encanto de sus manos*, Madrid: Imprenta de Antonio Marzo.
- CANITROT, Prudencio (1910): *Rías de Ensueño*, Madrid: Librería de los Sucesores de Hernando.
- CASANOVA, Sofía (1911): *El pecado*, Madrid: Imprenta Artística Española.
- CASAS, Arturo (2001): “Público e empresas editoras na poesía galega entre a fundación das Irmandades da Fala e a Guerra Civil” in *Homenaje a Benito Varela Jácome*, Santiago de Compostela: USC.
- DURÁN, J. A. (1977): *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*, Madrid: Siglo XXI.
- PUGA, Manuel María (1911): *Pote aldeano*, Madrid: Imprenta Artística Española.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (1992): “A tertulia da cervexería *Exclesior*”, *Galicia en Madrid*, núm. 47, Madrid, 22.
- VALLE-INCLÁN, Ramón del (1910): *Las mieles del rosal*, Madrid: Imprenta de Antonio Marzo.